



AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL CONCELLO DE BERGONDO

Pgno. De Bergondo, C/Parroquia de Guisamo s/n
15165 Bergondo
Tlfn: 667 52 74 32
Fax: 981 79 42 14

proteccioncivilbergondo@gmail.com

PROTOCOLO VESPAS VELUTINAS

Ante o elevado número de consultas realizadas polos veciños en relación á aparición de niños de vespa Asiática (Vespa Velutina) a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Bergondo explica:

A xestión da retirada de niños de Vespa Velutina no Concello de Bergondo realizase por medio da empresa **Tragsatec**, entidade que ten adxudicada por parte da Xunta de Galicia a retirada dos niños de esta especie invasora.

Unha vez detectada a aparición dun deles os avisos pódense pasar aos teléfonos 112, ou 012.

ASEMADE consideramos que para realizar unha mellor xestión e control da retirada dos niños no noso concello é fundamental que os veciños faciliten os datos de localización, ubicación do niño, así como un teléfono de contacto ao seguinte número de teléfono móbil 667527432, ou por medio da centraliña do concello 981 7912 52, ext 0.

Esta Agrupación dispón dun Terminal Remoto conectado ca Xunta de Galicia onde poder pasar as incidencias e poder realizar un seguimento das mesmas.

De esta forma a Agrupación poderá realizar un seguimento da situación en que se atopa cada incidencia e no caso de ter que realizar xestións complementarias para a súa retirada, facelo á maior brevidade posible.

Precisamos a súa COLABORACIÓN na retirada de Niños Primarios de Vespa Velutina

Revisen:

**Galpóns
Garaxes
Porches
Beirados
Etc...**



Os niños son de cor Marrón Pardo, teñen forma esférica e varían entre 4 e 6 cm.

SITUACIÓNS QUE SE PODEN DAR AO DETECTAR UN NIÑO E POSIBLES SOLUCIÓNS

SITUACIÓNS	POSIBLES SOLUCIÓNS
<p>Detección niño primario (pequeno coma unha pelota de tenis, de cor tostada ou crema)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aviso a Protección Civil (IMPORTANTE, faise seguimento da incidencia) • Aviso a 112 ou 012 • Retira empresa Tragsatec
<p>Detección de niño Secundario (máis grande, de cor marrón máis escura e con actividade de vespas ao redor)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aviso a Protección Civil (IMPORTANTE faise seguimento da incidencia) • Aviso a 112 ou 012 • Retira empresa Tragsatec <ul style="list-style-type: none"> • Acceso total ao niño, RETIRASE • Cables de Telefónica ou Fenosa na zona de retirada, SE NON SE XESTIONA A DESCONEXIÓN DO CABLEADO O NIÑO NON SE RETIRA (É importante que no intre que o persoal de TRAGSATEC comunique esta incidencia ao veciño este dé aviso ao Concello ou a Protección Civil para realizar as xestións oportunas) • Zonas de difícil acceso por altitude do niño ou fincas que non están en condicións de acceso por estar cheas de maleza. IMPOSIBILIDADE DE RETIRADA OU ENVELENAMENTO DO NIÑO. • Pódese dar a situación de niños en árbores con problemática de retirada pero que se lles inocula o veneno para matar as vespas. ESTARÁN IDENTIFICADOS CUNHA MARCA DE COR VERMELLO OU ROSADO NO TRONCO DA ARBORE. (Eses niños están inactivos)
<p>RECORDAMOS QUE OS NIÑOS DE VESPA ASIÁTICA NON SON REUTILIZADOS DUN ANO PARA OUTRO POLAS VESPAS. QUEDAN ABANDONADOS E INSERVIBLES</p>	